



## Guía Docente

Datos Identificativos					2012/13
Asignatura (*)	Terminoloxía/lingua para Usos Específicos-Galego		Código	613445020	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	6	
Idioma	Galego				
Prerrequisitos					
Departamento					
Coordinación			Correo electrónico		
Profesorado			Correo electrónico		
Web					
Descrición xeral	Estudo das linguaxes específicas no caso da lingua galega. Aplicación das linguaxes específicas para usos profesionais.				

## Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación

## Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Que saiban utilizar as técnicas específicas de xestión e organización da información	AP1		
Que sexan capaces de realizar buscas documentais sobre calquera asunto	AP2		
Que saiban xestionar e organizar documentación.	AP3		
Que dominen o entorno virtual.	AP4		
Que poidan crear contidos culturais.	AP8		
Que poidan realizar tarefas de revisión, corrección, supervisión e asesoramento lingüístico	AP9		
Que sexan capaces de elaborar documentación específica: textos científicos, textos técnicos, textos publicitarios, textos xurídicos, etc.	AP10		
Que dominen a linguaxe específica de diferentes ámbitos profesionais.	AP12		
Que sexan capaces de realizar unha aproximación teórica aos problemas da terminoloxía.	AP13		
Que saiban desenvolver calquera tipo de texto oral ou escrito en diferentes ámbitos profesionais relacionados coa comunicación.	AP14		
Que posúan un dominio dos recursos lingüísticos especializados da lingua da súa elección (español/ galego/ inglés).	AP15		
Que posúan e comprendan coñecementos especializados no ámbito dos estudos lingüísticos e das tecnoloxías da comunicación.		BP1	
Que teñan capacidade para ser orixinais no desenvolvemento e aplicación de ideas.		BP2	
Que saiban aplicar os coñecementos adquiridos.		BP3	
Que teñan capacidade de resolver problemas en entornos novos ou pouco coñecidos nun contexto multidisciplinar.		BP4	
Que sexan capaces de integrar coñecementos diversos.		BP5	
Que sexan capaces de comunicar as súas conclusións e os coñecementos que as sustentan a públicos especializados e non especializados de forma clara.		BP8	
Que posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando e aprendendo dun modo autónomo.		BP9	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			CM1
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			CM3
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			CM4
Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.			CM5



Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			CM6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			CM7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á terminoloxía e ás linguaxes especializadas	1.1. Definicións e cuestións xerais sobre terminoloxía 1.2. Panorama histórico da terminoloxía 1.3. As linguaxes especializadas
2. A terminoloxía e as linguaxes especializadas na Galiza	2.1. Aproximación histórica 2.2. A produción terminolóxica e terminográfica 2.3. Recursos lingüísticos e informáticos
3. Terminoloxía e planificación lingüística	3.1. Normalización lingüística e terminoloxía 3.2. Modelos de xestión terminolóxica
4. Traballos en terminoloxía e terminografía	4.1. Aspectos xerais. 4.2. Traballo sistemático e traballo puntual 4.3. Ferramentas para o traballo terminolóxico e terminográfico 4.4. Deseño de vocabularios
5. O uso do galego en contextos científico-técnicos	5.1. Contextos de comunicación científica 5.2. Uso do galego en traballos académicos e científicos

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	20	20	40
Obradoiro	10	15	25
Solución de problemas	6	12	18
Traballos tutelados	2	30	32
Presentación oral	1	4	5
Lecturas	2	14	16
Recensión bibliográfica	1	3	4
Atención personalizada	10	0	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Obradoiro	Nestas sesións, o alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades contémpanse, alén doutras, a análise de fontes documentais, comentarios de textos, prácticas a través de TIC etc.
Solución de problemas	O alumnado terá que solucionar, noemadamente de modo individual, diversos tipos de problemas-suposto relacionados co contido e obxectivos da materia. Tamén se contemplan estudos de casos e outras probas de tipoloxía variada. Esta metodoloxía está enfocada como complemento ao "Obradoiro".



Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo, dirixido polo/s profesor/es, escolleito entre un abano temático presentado no inicio do curso, que consistirá na elaboración e deseño dun vocabulario especializado. Con este traballo, de que derivará unha presentación oral, preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes documentais de diverso tipo.
Presentación oral	Exposición oral, na aula, en que cada estudante explicará a metodoloxía, desenvolvemento e resultados da pesquisa realizada no "Traballo Tutelado".
Lecturas	Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obrigatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesorado.
Recensión bibliográfica	Cada estudante deberá entregar a(s) recensión(s) bibliográfica(s) que o profesorado indicar ao longo do curso.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Solución de problemas Traballos tutelados	Ao lado do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado", ao "Obradoiro" e á "Solución de Problemas".

### Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Obradoiro	Nos obradoiros valorarase a realización das prácticas derivadas das sesións maxistras, a participación e o traballo en grupo. Tamén se porá en valor a capacidade dialéctica do alumnado, o seu grao de coñecemento dos contidos que expoñen ou que se debaten, así como as súas capacidades crítica e de síntese.	15
Solución de problemas	Valorarase a realización das diferentes actividades propostas, nomeadamente de carácter individual, a participación e a reflexión crítica.	10
Traballos tutelados	Será valorada fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva, así como unha impecábel a calidade lingüística e expresiva.	35
Presentación oral	As presentacións orais terán como puntos fortes a fluidez discursiva, o emprego dunha lingua de calidade e a clareza e estratexias expositivas.	10
Lecturas	Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesor. Valorarase a comprensión e síntese dos diferentes textos propostos.	10
Recensión bibliográfica	Nas actividades agrupadas nas recensións bibliográficas terase en conta a capacidade de síntese, o rigor e a clareza expositiva, o uso dunha lingua de calidade e a capacidade crítica do alumno ou da alumna.	20

### Observacións avaliación

<p>Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. O alumnado terá que entregar os traballos ou actividades no prazo fixado; non se recollerán máis tarde sen causa xustificada. Alén disto, estes deberán cumprir unha impecábel calidade lingüística e de corrección (acentuación, ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal, boa expresión?).</p> <p>Se non superar a materia, na oportunidade de xullo o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior. No caso de suspender as actividades de carácter presencial realizadas durante o curso ("Obradoiros" e "Solución de problemas", "Lecturas"), estas serán substituídas por un exame que se realizará no día oficial fixado polo Decanato da Facultade de Filoloxía, que valerá o 35% (tal e como corresponde á suma das ditas metodoloxías).</p>
--

### Fontes de información



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Cabré, M.<sup>a</sup> T. (1991). "Os servizos lingüísticos: definición e estrutura", Cadernos de lingua 4, 141-150.</li><li>- Arntz, R. / Picht, H. (1995). Introducción a la terminología. Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez</li><li>- Cabré, M.<sup>a</sup> T. (1992). La terminología. La teoría, els métodos, les aplicacions. Barcelona: Empúries</li><li>- Lerat, P. (1995). Les langues spécialisées. Paris: Presses Universitaires de France</li><li>- Garrido, C. / Riera, C. (2000). Manual de Galego Científico. Orientações Lingüísticas. Santiago de Compostela: Associação Galega da Língua</li><li>- TermCat (1990). Metodologia del treball terminologic . Barcelona: Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya</li><li>- Rodríguez Río, X. (2003). Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega</li><li>- Monteagudo, H. / Bouzada Fernández, X. (dirs.) (2003). O proceso de normalización do idioma galego. Elaboración e difusión da lingua. Vol III . Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega</li><li>- Galanes Santos, I. (2003). "A terminoloxía en Galicia?", en Monteagudo, H. / Bouzada Fernández, X. (dirs.), O proceso de normalización do idioma galego. Elaboración e difusión da lingua. Vol III, 229-288. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega</li><li>- Galanes Santos, I. (2006). "Panorama da terminoloxía en Galicia: orientacións, infraestruturas e recursos?", en II Xornadas sobre lingua e usos. Lingua e investigación, 109-137. A Coruña: Universidade da Coruña</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías